

RESOLUCIÓN SOBRE A LINGUA

Nova Escola Galega veu manifestando teimosamente, xa dende as súas orixes e dos seus antecedentes, a imperiosa necesidade de normalizar a nosa lingua e de impregnar da nosa cultura a educación, como un dos eixos fundamentais para levar este milenario país e a súa xente ao lugar que lles corresponde como pobo no mundo.

Xa dende a transición, coa Constitución e o Estatuto de autonomía, xunto co labor político dos diferentes gobernos galegos tocante ás leis e outras normas que foron introducindo o galego no ensino, non puidemos albiscar que ese vieiro fose chegar a onde debería. O que semellaba un camiño lento pero con obxectivos acabou virando nun retroceso que nos está levando a unha situación que pensabamos xa superada, de minoración da lingua e da cultura propias, de avance de usos diglósicos, de diminución alarmante de falantes e dunha certa alienación a prol de formas e usos alleos que lembra tempos pasados que coidamos que non volverían.

O certo é que asistimos hoxe, case trinta e seis anos máis tarde, a unha derruba programada das febles estadas que pretendían empezar a alicerzar ese edificio de futuro. Máis aínda de termos en conta as mouras manifestacións realizadas por algúns dos partidos políticos que acoden ás próximas eleccións, sobre unha suposta imposición, unha ameaza e un perigo para a *lingua de linguas*, o castelán, que seica está a piques de desaparecer en Galicia. Dá risa escoitar estes "argumentos", se non fose porque o conto é triste.

Así que anuncian unha Lei de Linguas Oficiais para España que poña "orde" e faga prevalecer "la lengua del imperio". E, mentres e non, podemos observar como nenas e nenos criados en galego van sendo absorbidos por un contexto hostil –tamén educativo– que remata, na maior parte dos casos, no abandono da lingua ou nun uso diglósico.

Co gallo da nosa XXXV Asemblea Xeral, queremos poñer de manifesto a nosa máis enérxica repulsa a quen, un día si e outro tamén, non perden ocasión de consideraren a nosa lingua e a nosa cultura como de segunda categoría. Reafirmámonos nos nosos principios fundacionais e mostrámonos como un elo desa cadea na historia que nos trouxeron os devanceiros, na que soñaron e pola que loitaron tantas persoas hoxe xa desaparecidas, e que deixaron un pouso en nós que non conseguirán borrar.

E queremos manifestar, igualmente, a nosa intención de traballarmos ata o esgotamento para lles deixar ás xeracións futuras –os elos que nos seguen– un país dono de si, orgulloso de seu, da súa cultura e da súa lingua.

9 de marzo de 2019